

***VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
DO BENESTAR***

SECCIÓN 05

1. COMPETENCIAS

A actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia ven establecida polo Decreto 211/2005, do 3 de agosto. Polo Decreto 232/2005, do 11 de agosto, modificado polos decretos 332/2005, do 18 de agosto e 454/2005, do 1 de setembro, procédese a fixar a estrutura orgánica dos seus distintos departamentos, sinalando o artigo 1 que os órganos superiores e directivos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar son:

1. Vicepresidente.
2. Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais.
3. Secretaría Xeral da Igualdade.
4. Secretaría Xeral do Benestar.
 - 4.1 Dirección Xeral de Acción Social.
 - 4.2 Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.
5. As delegacións provinciais da Igualdade e do Benestar.

Así mesmo, se adscribe á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo que se rexerá en canto aos seus obxectivos, funcións, estrutura e funcionamento polo previsto na Lei galega 3/1991, do 14 de xaneiro, da súa creación e polas normas que a desenvolven.

As competencias dos referidos órganos superiores da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar son as seguintes:

1. O vicepresidente é a autoridade superior da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e, con tal carácter, está investido das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro. Ademais substituirá ao presidente nos supostos previstos legalmente e exercerá as funcións que este lle delegue de conformidade co artigo 33 da referida lei.

2. A Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais coordinará o conxunto das políticas da Vicepresidencia e a todos os seus órganos. Exercerá as funcións e competencias establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, a inspección dos servizos e dos centros e organismos dependentes ou adscritos á Vicepresidencia, a coordinación das publicacións editadas desde esta e a xestión do seu programa estatístico anual así como aquelas que lle sexan encomendadas por delegación do titular do departamento. Participará nos procesos de reforma estatutaria nas accións e decisións que atinxen ás relacións institucionais coa Administración xeral do Estado e o Goberno do Estado. Exercerá a representación da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Mixta de Transferencias e nas comisións bilaterais de cooperación entre a Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma. Encargarase do rexistro dos convenios que sexan autorizados polo Consello da Xunta de Galicia e os que outorguen os departamentos, organismos autónomos e entes de dereito público da Administración autonómica. Representará á Vicepresidencia naqueles supostos nos que lle sexa encomendado polo seu titular e, así mesmo, á Comunidade Autónoma de Galicia en determinados foros cando así sexa acordado polo Consello da Xunta de Galicia.

3. Á Secretaría Xeral da Igualdade corresponderalle o deseño, coordinación, avaliación e xestión das políticas que a Xunta realice en materia de xénero, loita contra a discriminación por razón de sexo, igualdade entre homes e mulleres, loita contra as formas de violencia exercida contra as mulleres e conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Por outra banda tamén lle compete a promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres segundo disposto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres.

Asemade, asumirá a xestión das políticas autonómicas en materia de acción social nos sectores da familia e infancia segundo o disposto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais; en concreto, compételle a este centro directivo a xestión da política autonómica familiar en desenvolvemento do previsto na Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, a elaboración e seguimento dos plans integrais de apoio á familia, as competencias de mediación familiar

derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar, e do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o rexistro de mediadores familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.

Tamén corresponde ao ámbito competencial da secretaría xeral o estudo da realidade social, a planificación e coordinación das entidades prestadoras de servizos sociais nos anteditos sectores, así como a cooperación con elas.

Por último ten atribuída a xestión das prestacións e programas dirixidos aos mencionados sectores de poboación obxecto da súa acción.

O traspaso de funcións e servizos nestas materias fíxose por medio dos seguintes reais decretos:

- A) Real decreto 2411/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos e asistenciais sociais.
 - B) Real decreto 4123/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tempo libre.
 - C) Real decreto 2414/1983, do 20 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de garderías infantís laborais.
 - D) Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais (INSERSO) da Seguridade Social.
4. Á Secretaría Xeral de Benestar corresponderalle o deseño, coordinación, avaliación e xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar, incluíndo as políticas de xuventude, voluntariado, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, así como a protección e tutela dos menores en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos

termos establecidos pola lei. Igualmente, encargarase da elaboración de propostas para a formulación da política da Vicepresidencia en materia de servizos comunitarios e inclusión social, da realización de funcións de estudo de necesidades e problemáticas sociais e da coordinación, control e xestión das prestacións sociais e económicas. Por último, atribúeselle a función de avaliación e control da eficacia das políticas de benestar.

Adscribense á Secretaría Xeral do Benestar a Dirección Xeral de Acción Social e a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

4.1. A Dirección Xeral de Acción Social é o órgano directivo adscrito á Secretaría Xeral do Benestar ao que lle corresponde a xestión da política autonómica en materia de acción social nos sectores de atención aos menores, aos maiores, ás persoas discapacitadas así como a relativa a servizos comunitarios e inclusión social, avaliando as necesidades e problemáticas sociais destes colectivos e realizando a coordinación, control e xestión das prestacións sociais e económicas.

Corresponderalle a elaboración de propostas para a formulación da política da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, planificando, coordinando e executando os plans do seu ámbito competencial e prestando o asesoramento preciso as entidades prestadoras de servizos sociais nos devanditos ámbitos.

Particularmente, corresponderalle formular as propostas para a elaboración do Plan galego de equipamentos e servizos sociais, a creación e xestión dos equipamentos, programas e servizos que asuma a Administración autonómica, a implantación e seguimento dos plans de calidade que os afecten, a xestión de concertos e axudas establecidas, a supervisión das actuacións das entidades destinadas á atención e promoción de persoas maiores e persoas con discapacidade, a elaboración de propostas de normativa que afecten a estrutura organizativa e competencial dos servizos sociais e a estes colectivos de poboación, a autorización e xestión do procedemento de adhesión de entidades ao programa de cheque asistencial, así como calquera outra función relativa a materias da súa competencia ou que lle sexan atribuídas pola normativa vixente no eido dos servizos sociais.

Participa no eido local, asesorando aos concellos e outros entes locais na creación, organización e funcionamento destes servizos e colaborando na formación permanente do seu persoal así como no funcionamento do Consello Galego de Servizos Sociais, do Consello Galego das Persoas Maiores e do Consello Galego de Persoas con Discapacidade e da Comisión Galega Interinstitucional do Menor.

Así mesmo, correspóndelle a este centro directivo a elaboración e seguimento dos plans integrais de apoio ao menor, a protección e tutela dos menores que se atopan en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores, e a xestión das prestacións previstas na Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, a cooperación coas entidades de iniciativa social e a xestión das prestacións e programas dirixidos aos anteditos sectores de poboación.

En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, e sen prexuízo das competencias atribuídas á Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais, correspóndelle a inspección dos mesmos, coordinar a súa xestión, supervisando o seu funcionamento, e prestarlles a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade.

As funcións e servizos que realiza centro directivo, foron traspasados a través dos seguintes reais decretos:

- A) Real decreto 2411/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos e asistencia sociais.
- B) Real decreto 1108/1984, do 29 de febreiro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de protección de menores.
- C) Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais (INSERSO) da Seguridade Social.

D) Real decreto 1054/1985, do 5 de xuño, sobre ampliación dos medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de menores.

4.2 Á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade correspóndelle a xestión das actuacións da Vicepresidencia en materia de mocidade, así como a coordinación das políticas de carácter interdepartamental e transversal que teñan incidencia sobre a mesma e, especificamente, o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, nas súas vertentes asociativa e de participación social, manifestacións artísticas, culturais e deportivas. Dentro do seu ámbito competencial, figura o fomento dos servizos e recursos de información aos mozos e ás mozas en todas aquelas materias que sexan relevantes para o seu desenvolvemento persoal e integración social.

Así mesmo, correspóndelle coordinar e supervisar o funcionamento dos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, sen prexuízo das competencias atribuídas á Secretaría Xeral de Relacións Institucionais, e prestarlle a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade.

A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade xestionará o fomento das relacións e da cooperación con outras comunidades autónomas, intercambios co estranxeiro en materia de mocidade, fomento dos programas de Turismo xove e coñecemento do medio e promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a mocidade.

Estas funcións foron traspasadas polos seguintes reais decretos:

A) Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (cultura, xuventude e deportes).

B) Real decreto 1459/1989, do 1 de decembro, de ampliación de medios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de xuventude (TIVE).

Igualmente desenvolverá a xestión e coordinación das actuacións da Secretaría Xeral do Benestar en materia de voluntariado, así como a elaboración e o seguimento do Plan galego de fomento e promoción da acción voluntaria e a xestión do sistema de rexistro autonómico das entidades de acción voluntaria. Desenvolverá ademais as actuacións de promoción, investigación, asistencia e formación en

materia de voluntariado e todas aquelas que lle poidan corresponder segundo o disposto na Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.

5. As delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar existirán en cada unha das provincias da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, polo que se organiza a Administración periférica da Xunta de Galicia e se regulan as competencias dos seus órganos territoriais.

Á fronte de cada delegación provincial existirá un delegado que, reunindo os requisitos esixidos no Decreto 244/1990, do 18 de abril, asumirá as funcións e competencias que lle atribúe o Decreto 5/1987, do 14 de xaneiro, e demais normativa vixente.

Dependerán orgánica e funcionalmente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, sen prexuízo das directrices funcionais que se diten polos distintos centros directivos da consellería ou o organismo autónomo adscrito a ela.

6. O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, Organismo Autónomo dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ten delimitadas as súas competencias na Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, pola que se crea dito organismo.

Así, o Artigo 2 da Lei 3/1991, establece como obxectivo principal do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller o impulso e coordinación das medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre as mulleres e os homes, removendo os obstáculos que impidan a participación e a integración da muller na vida social, cultural, educativa, económica e política de Galicia.

O traspaso de funcións e servizos nesta área fíxose a través do Real decreto 2834/1983, do 5 de outubro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de protección á muller.

Polo Real decreto 91/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma polo Real Decreto 2834/1983, en materia de protección á muller, apróbase o acordo

da Comisión Mixta de Transferencias, sobre o Centro de Información dos Dereitos da Muller situado na Coruña.

No Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller, recóllese a estrutura orgánica e funcional do organismo, os distintos órganos do mesmo e as súas funcións, así como os órganos colexiados existentes en materia de muller (Comisión Autonómica da Muller e Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista).

O Decreto 249/2002, do 18 de xullo, polo que se modifica o Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller, baseándose na necesidade de reforzar a estrutura orgánica do Organismo Autónomo distribuindo as funcións dun xeito máis racional, crea unha nova unidade co nivel de Servizo, e estrutura os servizos periféricos a través das delegacións provinciais que dependen directamente da dirección do organismo.

No Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, adscribíse o organismo á Secretaría Xeral da Igualdade, e concréntanse, no que atinxe ao organismo, o exercicio das competencias que realizarán as delegacións provinciais e as que se atribúen á Secretaría Xeral da Igualdade.

2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2006

DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

ÁMBITO DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS.

En materia de relacións institucionais establécense as seguintes liñas de actuación:

A axenda institucional inclúe máis autogoberno para a defensa dos intereses económicos, comerciais e culturais de Galiza no mundo, co desenvolvemento pleno do art. 7 do Estatuto de Autonomía de Galicia e o desenvolvemento dos mecanismos de representación de Galiza en Europa e en institucións internacionais estratéxicas.

Tamén máis autogoberno para a defensa da nosa identidade co desenvolvemento pleno das competencias pendentes en materia de educación, cultura e investigación (art. 27.2, 21.18, 27.29 e 31)

No marco do actual estatuto, cabe ter máis autogoberno para a defensa das nosas costas e o noso mar, co desenvolvemento pleno das competencias en materia de seguridade marítima (29.3) e ordenación do litoral (art. 27.3). Tamén hai espazo para demandar máis autogoberno na defensa da nosa orde social co desenvolvemento das competencias pendentes en materia de seguridade e orde público (art. 27.25 e 27.32) e administración e organización da xustiza (art. 20.1, 20.2 e 26.2)

A axenda institucional formula máis autogoberno para crear máis oportunidades de mellora, modernización e innovación. Impulsar un avance cualitativo na asunción plena das competencias de Galiza no que atinxe ao autogoberno da súa capacidade produtiva, asegurando que se crean e aproveitan máis e mellores oportunidades para as galegas e os galegos. Hai espazo no vixente estatuto para gañar máis autogoberno para a nosa economía, co desenvolvemento pleno das competencias en materia de promoción, planificación e fomento económico (art. 30.1.1, 30.1.2 e 30.7) e o desenvolvemento pleno das competencias referidas á xestión de sectores económicos estratéxicos (art. 27.10, 27, 15 e 28.5). Tamén co desenvolvemento pleno das competencias en xestión de infraestruturas (art. 27.3, 27.8, 27.12, 30.1.1 e 30.1.2) e o desenvolvemento pleno das competencias en materia de xestión de mercados e defensa da libre competencia (art. 27.28 e 30.1.4) ou en materia de xestión da innovación tecnolóxica e produtiva (art. 27.30, 29.2 e 30.1.3)

A axenda institucional aposta por máis autogoberno para producir máis benestar e calidade de vida para todos. Pretendemos dar un salto cualitativo na capacidade de decisión da nosa nación nas políticas que afectan de xeito efectivo á mellora da calidade de vida e na produción e distribución do benestar social. Máis autogoberno para ter benestar para todos co desenvolvemento pleno das competencias en materia de emprego (art. 33), as competencias en materia de políticas de inmigración, as competencias en materia de asistencia social (art. 27.19), educación (art. 28.5 e 31) ou sanidade (art. 33)

ÁMBITOS DA FAMILIA E DA INFANCIA E DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE.

A sociedade galega do século XXI está sometida a unha dinámica de cambio que fai necesario deseñar políticas públicas que inclúan as herdanzas identitarias no ámbito das familias pero, ao mesmo tempo, que busquen fórmulas de modernidade. Nesta liña, as políticas familiares deben ser múltiples e poliédricas. Dado que a realidade galega se estrutura en tres grandes eixes socioeconómicos, o urbano, o rural e o vinculado ao mar, que supoñen diferentes estilos de vida, a formulación de políticas de familia debe atender a esas diversas necesidades.

Asemade asistimos ao xermolo de novos feitos de entender a realidade familiar, máis rica e diversa (aumento das adopcións, familias monoparentais, homoparentais, reconstituídas, etc) que deben ser tidos en conta nas novas políticas a deseñar. É precisamente nese deseño de políticas públicas para as familias onde se debe incidir na transversalidade que supón a implicación e compromiso activo de todos os departamentos no seu desenvolvemento.

Deste xeito unha das claves da acción futura será facer visibles esas novas realidades sociais, de xeito que contribúan ao enriquecemento da dimensión e percepción da familia en Galicia.

Por outra banda, un dos aspectos fundamentais a desenvolver nas políticas de familia será converter a infancia, no seu conxunto, nun actor social de primeira orde, de xeito que se garanta a súa toma en consideración non só á hora de proporcionar os servizos para a súa atención, senón na planificación que desde a Xunta de Galicia se faga de temas como urbanismo, sanidade ou lecer colectivo.

Outro aspecto determinante no artellamento das políticas públicas da infancia terá por obxectivo o desenvolvemento integral dos nenos e as nenas. A administración debe asumir a importancia desta etapa vital na que se forman os futuros cidadáns, de aí que se deba prestar especial atención ao lecer dos cativos, a súas relacións afectivas, o potenciamento da súa autonomía e o desenvolvemento cognitivo entre outros.

Dentro da infancia cómpre subliñar o papel da etapa de educación infantil de 0 a 3 anos. A acción de goberno dirixirase primeiro a facer accesíbel esta etapa a toda a cidadanía, independentemente do seu lugar de residencia (urbano ou rural) mediante a

creación de novos centros educativos que contribúan a configurar unha verdadeira Rede galega de escolas infantís. En segundo lugar, apostarase pola calidade e o desenvolvemento pedagóxico desta etapa mediante plans específicos que atendan as súas peculiaridades. En terceiro lugar, dotarase aos centros dos medios necesarios para permitir un pleno acceso ás novas tecnoloxías. Cuarto e último, vincular a Rede galega de escolas infantís cos demais recursos e servizos de atención á infancia que existen en Galicia creando sinerxías que permitan revertir nunha efectivización da corresponsabilidade entre a vida laboral e familiar.

Na área de traballo de igualdade os obxectivos políticos estratéxicos son traballar a prol da corresponsabilidade, da autonomía das mulleres e da súa visibilización. Traballarase na liña da planificación e deseño das políticas de igualdade e a súa aplicación práctica, pasando á asunción da transversalidade dentro do goberno. Farase especial fincapé na avaliación dos resultados dos programas clarificando os obxectivos.

O tratamento da violencia de xénero necesita unha abordaxe multidimensional que só un desenvolvemento global pode permitir. Traballarase para conseguir unha coordinación de todos os recursos que existen en Galiza, reconsiderando o seu deseño segundo as novas realidades que xorden a raíz da aplicación da Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Consideramos de especial importancia a prevención a través da promoción da igualdade de xénero.

1. Ámbito da familia e a infancia.

A Secretaría Xeral da Igualdade no exercicio das competencias que ten encomendadas trata de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción:

- A) Diseñar e promover políticas familiares que contribúan a que a familia, como primeiro núcleo de convivencia, garantan a igualdade de oportunidades para os seus membros, ao tempo que promovan a igualdade de xénero e a solidariedade interxeracional.
- B) Potenciar a formación de axentes de políticas de convivencia e política familiar, de xeito que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar mediante a mediación, a educación familiar e a prevención da violencia de xénero.

- C) Potenciar a visualización da infancia na súa dimensión social. Promover a adecuación á infancia dos espazos de lecer, culturais e sociais en xeral, pensados en función dos adultos.
- D) Facilitar o acceso das familias á sociedade da información de xeito que a fenda dixital non sexa un impedimento para o desenvolvemento da unidade de convivencia e lle permita ser un factor determinante de decisión no desenvolvemento do sistema de información.
- E) Mellorar e estender os servizos de apoio á infancia, asumindo o carácter da etapa infantil como unha etapa educativa vital, garantindo unha adecuada distribución territorial que permita un adecuado equilibrio entre o rural e o urbano na prestación de servizos de xeito que se garanta o principio de igualdade de oportunidades desde o inicio.
- F) Impulsar políticas que promovan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar.
- G) Proporcionar un marco social adecuado para facilitar a libre elección na formación de núcleos familiares e na opción pola descendencia, mediante a inclusión na avaliación, deseño e xestión das políticas públicas sociais dunha perspectiva de incidencia familiar.
- H) Potenciar os medios, axudas e servizos que atendan a familias en situación de risco social ou de especial debilidade.
- I) Promover o establecemento de servizos complementarios de apoio ao coidado dos nenos e nenas.
- J) Promover medidas normativas no ámbito laboral, fiscal e de seguridade social que contemplan as diversas circunstancias familiares.
- K) Coordinar as distintas actuacións na atención á infancia de todas as áreas administrativas implicadas, garantindo a plena operatividade do principio de transversalidade e corresponsabilidade.
- L) Apoiar e fomentar a colaboración de todos os sectores e, en particular, das corporacións locais e do terceiro sector ONGs, na garantía dos dereitos dos nenos e nenas.

M) Promover medidas que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral implicando aos sectores sociais e coordinando a iniciativa pública e privada na creación dos recursos axeitados a este fin.

2. Ámbito da promoción da igualdade.

A Secretaría Xeral da Igualdade no exercicio das competencias que ten encomendadas trata de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción:

- A) Desenvolver a Lei galega para a igualdade de mulleres e homes.
- B) Diseñar políticas de igualdade de xeito transversal, implicando ás distintas consellerías no traballo pola igualdade, mediante a creación da Comisión interdepartamental que faga efectiva esta noción.
- C) Investigación e análise da realidade das mulleres galegas na sociedade galega actual.
- D) Diseñar liñas estratéxicas para a elaboración de plans de igualdade.
- E) Traballar de xeito multidimensional a prol da corresponsabilidade na vida laboral e familiar, de xeito que se atope engarce ás expectativas, aos dereitos e aos deberes de mulleres, homes, empresas e administración.
- F) Deseño e realización de campañas de igualdade en colaboración coas administracións locais.
- G) Deseño de campañas de concienciación social para sensibilizar sobre as situacións de desigualdade das mulleres.
- H) Promover políticas de visibilización dos traballos e actividades tradicionalmente desenvolvidas por mulleres.
- I) Promover o “empoderamento” das mulleres en todos os ámbitos da vida pública.
- J) Creación do Observatorio dos medios de comunicación.

3. Ámbito do tratamento da violencia:

A Secretaría Xeral da Igualdade no exercicio das competencias que ten encomendadas trata de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción:

- A) Realizar campañas de prevención da violencia de xénero.

- B) Coordinación e avaliación dos recursos existentes na loita contra a violencia de xénero.
- C) Promover a redacción e aprobación dunha Lei galega contra a violencia de xénero.
- D) Mellorar a coordinación entre forzas e corpos de seguridade, xuíces, e fiscais e administración autonómica para facer fronte ao fenómeno da violencia de xénero.
- E) Creación do Observatorio da violencia de xénero.

ÁMBITO DA ACCIÓN SOCIAL.

1. Ámbito de protección de menores.

A promoción e defensa dos dereitos da infancia, así como cantas actuacións de prevención en situacións de risco ou de desamparo lles poidan afectar, é a liña a seguir en canto á implantación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos programas que se dirixen aos menores. Esta garantía de dereitos tamén abrangue aos menores infractores, aos que se lles aplica a lei penal do menor e xuvenil, que contempla a esixencia de responsabilidade aos que cometen feitos delituosos e que aínda non alcanzaron a maioría de idade penal; o dito instrumento normativo está fundamentado en principios orientados á reeducación dos menores de idade en base as súas circunstancias persoais, familiares e sociais que se teñen especialmente en conta á hora de realizar programas e de impoñer as medidas xudiciais polos xulgados.

Tendo en conta o antedito, establécense como obxectivos básicos os seguintes:

- A) Sensibilizar á sociedade galega sobre o coñecemento e a participación con roles activos no relativo aos dereitos dos nenos, co fin de garantir a aplicación de toda a normativa reguladora neste ámbito.
- B) Impulsar todas as actuacións que se poidan requirir tanto das administracións públicas como das entidades sociais para asegurar o efectivo acceso aos seus dereitos, así como para garantir o paulatino incremento da calidade de vida de todos os nenos e nenas galegos, con especial incidencia na loita contra o maltrato e a explotación infantil.

- C) Promover todas as actuacións necesarias de carácter preventivo, sobre todo as de nivel primario, como forma de acadar que o menor permaneza no seu contorno.
- D) Asegurar a protección do neno/a ante situacións de desamparo de xeito que a situación non se repita.
- E) Priorizar ante estas situacións, tal e como establece a lexislación vixente, aquelas medidas que, mediante o apoio á familia de orixe, incrementen as posibilidades de permanencia dos menores no seu fogar.
- F) Orientar a intervención, nos casos en que a separación sexa inevitable, cara a integración familiar.
- G) Potenciar a integración do menor en familia, xa sexa biolóxica, extensa, allea, acollidora ou adoptiva, xa que é sempre, e por dereito, o contexto natural de crecemento para a infancia.
- H) Proporcionar información, formación e apoio aos menores próximos a súa maioría de idade, co fin de que poidan conseguir unha inserción sociolaboral plena, facilitando o desenvolvemento da súa independencia.
- I) Executar as medidas xudiciais orientadas sempre a integración social e familiar dos menores.
- J) Implantar programas e actuacións que diminúan a incidencia da delincuencia en Galicia, favorecendo a súa inserción social.
- K) Responsabilizar aos menores en conflito social a través da aplicación de medidas educativas e socializadoras que se poidan desenvolver preferentemente no contorno natural do menor (na súa familia, no seu lugar de residencia), e tamén en centros de menores axeitados ao réxime acordado polo xuíz de menores.
- L) Crear estruturas de defensa dos dereitos da infancia que supoñan ademais unha canle de intercambio e comunicación entre a sociedade civil e a administración.

2. Ámbito das persoas maiores e persoas con discapacidade.

En materia do maior e persoas con discapacidade establécense os seguintes obxectivos:

- A) Elaboración e desenvolvemento de políticas sociais que redunden na mellora dos sistemas de protección social para persoas maiores e con discapacidade.
- B) Implantación de novos programas e servizos e consolidación dos xa existentes e que teñen acreditada, previa avaliación, a súa valía como instrumentos de integración social e de mellora da calidade de vida dos colectivos implicados.

Estas accións insírense no obxectivo fundamental de acadar unha sociedade cohesionada e solidaria, que respecte e protexa a diferenza, priorizando a atención á dependencia tanto desde unha perspectiva preventiva como asistencial, sen esquecer o apoio ás familias cuidadoras.

As actuacións a desenvolver son as seguintes:

- A) Incremento do número de prazas residenciais de titularidade pública mediante a creación de centros propios ou a través de concertos con entidades prestadoras de servizos sociais, así como o mantemento dos recursos existentes.
- B) Impulso dos órganos colexiados de participación: Consello galego de persoas maiores, Consello galego de persoas con discapacidade, Consello Galego para a promoción da accesibilidade e a supresión de barreiras.
- C) Redefinición do Plan galego de persoas maiores 2001-2006.
- D) Posta en marcha do Plan de acción galego para persoas con discapacidade.
- E) Elaboración e posta en marcha do Plan galego de atención a persoas con alzheimer e ás súas familias.
- F) Programa de ordenación e desenvolvemento da atención temperá.
- G) Programa de novas tecnoloxías: instalación de dispositivos de localización de persoas con demencia leve ou moderada, e instalación de detectores de movemento en fogares de persoas maiores, de acordo a un deseño de organización de base comarcal.
- H) Programa de prevención da dependencia.
- I) Accións en favor das persoas en situación de dependencia e de fomento da súa autonomía persoal.
- J) Desenvolvemento e adaptación do programa cheque asistencial.
- K) Promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras, con elaboración do Programa galego de accesibilidade.

- L) Programa de acollemento familiar de persoas maiores e con discapacidade.
- M) Implantación do CMBD como sistema de información dos programas e servizos destinados ás persoas maiores e con discapacidade.
- N) Elaboración do mapa de necesidades, servizos e equipamentos referido ao colectivo de persoas maiores e persoas con discapacidade.
- O) Creación das Axencia Galega da Autonomía Persoal.

3. Ámbito dos servizos comunitarios e inclusión social.

Neste eido establécense os seguintes obxectivos:

- A) Adaptar os sistemas de protección social ás expectativas da nosa sociedade, sobre a base da solidariedade e a promoción da cohesión social. O obxectivo central será a protección e promoción dos grupos e sectores máis desfavorecidos, atendendo a criterios de xustiza, solidariedade e cohesión social, realizando políticas de sensibilización orientadas a eliminar estereotipos e clichés sociais cara a determinados colectivos, e tratando de favorecer a súa inserción social a través de procesos de acompañamento.
- B) Fortalecemento dos mecanismos de detección precoz e intervención temperá.
- C) Elaboración e execución de plans e programas sociais destinados a mellorar a acción protectora do sistema de atención social. Nestes termos, apostarase pola introdución de medidas de atención a problemáticas e colectivos específicos con enfoques diferenciados segundo destinatarios, diversificando a rede asistencial a fin de dispor de recursos de tratamento especializado adaptados ao variado abano de problemáticas.
- D) Mellora dos programas, servizos e equipamentos, titularidade da rede básica municipal de servizos sociais, con intensificación dos mecanismos de coordinación.

Estes presupostos propician as medidas e conclusións necesarias para o desempeño dunha vida satisfactoria en condicións de liberdade, suficiencia de recursos e seguridade persoal.

A prioridade dos orzamentos da Dirección Xeral de Acción Social será a promoción e asistencia dos grupos que por diferentes condicións persoais ou sociais se atopan

en situación de desvantaxe ou discriminación. Á multiplicidade de grupos en situación obxectiva de exclusión engádeselle a necesidade de optar por un enfoque preventivo que considere a planificación de medidas destinadas a colectivos en risco, o que esixe unha revisión continua dos novos perfís no umbral do que se considera en cada momento exclusión social. Nestes termos, aquela prioridade centrarase en promover actuacións de prevención, inserción e participación social.

Particularmente as actuacións a desenvolver son as seguintes:

- A) Atención das necesidades da rede básica de atención primaria de servizos sociais das corporacións locais.
- B) Mellorar os sistemas de información dos programas e servizos destinados aos profesionais e usuarios de servizos sociais (Sistema de información de usuarios de servizos sociais SIUSS, Manual de traballo, información e asesoramento - MATIASS).
- C) Extensión do MATIASS a todas as entidades públicas e organizacións de iniciativa social que xestionan servizos públicos.
- D) Potenciar a Comisión interdepartamental de loita contra a pobreza e a exclusión social.
- E) Dotación de novos recursos de atención primaria de competencia municipal, co reforzamento dos programas básicos de atención.
- F) Mellora da xestión das prestacións de natureza non contributiva. Execución do plan de mellora operativa da xestión documental das prestacións.
- G) Xestión da renda de integración social de Galicia e das axudas de emerxencia social.
- H) Desenvolvemento normativo da Lei 9/91, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social. Elaboración do texto refundido e do decreto de desenvolvemento.
- I) Conquerir unha maior vinculación dos beneficiarios da Risga coas políticas activas de inserción, así como doutros colectivos en situación de exclusión social.

- J) Desenvolvemento do programa de acollida e acompañamento a persoas sen fogar.
- K) Desenvolvemento de iniciativas comunitarias en materia de inclusión social.
- L) Avanzar no desenvolvemento do programa de calidade dos servizos sociais de atención primaria.
- M) Plan de atención diúrna para usuarios de servizos sociais de base municipal.
- N) Apoiar as entidades prestadoras de servizos sociais mediante axudas que financien proxectos de atención social.
- O) Executar as ordes de axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, a programas de incorporación social e laboral destinados a persoas en situación ou risco de exclusión social, á prestación de servizos sociais polas asociacións e outras entidades de iniciativa social e as destinadas ao tratamento de drogodependencias en comunidades terapéuticas.

Partindo destes obxectivos, as grandes liñas de acción da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social para o exercicio orzamentario 2006 van ser as seguintes:

1. Creación dun órgano autónomo de xestión dos servizos sociais en Galicia (Instituto galego de servizos sociais IGASS)
2. Desenvolvemento de medidas dirixidas ao apoio ás familias tanto normalizadas como en situación de risco social, á protección da infancia e dos menores en situación de desprotección ou conflito social e doutros colectivos.
3. Potenciar a inserción sociolaboral nos centros de protección de menores a través dos programas Prisma, Miliaria e Mentor.
4. Incremento da prevención primaria dos malos tratos á infancia iniciada no ano 2002, a través dos instrumentos de información, difusión e sensibilización da sociedade e dos colectivos profesionais e comunitarios, que pola súa actividade son especiais observadores dos nenos das súas familias e das súas problemáticas.
5. Implantación do rexistro unificado de maltrato en colaboración con sanidade, educación e servizos sociais de atención primaria.

6. Utilización dos programas destinados á integración familiar dos menores.
7. Establecemento de instrumentos que permitan, mediante indicadores contrastables e de carácter permanente, avaliar a eficacia e a calidade das accións desenvolvidas.
8. Formación e reciclaxe continuo de todos os profesionais do ámbito dos servizos sociais, co fin de acadar unha boa atención, eficacia e rendibilidade nas actuacións.
9. Fomento da imprescindible coordinación entre os diversos sectores implicados (sanitario, educativo, xudicial e social) na protección integral dos menores.
10. Ampliación, consolidación e reestruturación da rede de centros de reeducación de menores.
11. Creación de programas e novos recursos co obxecto de dar resposta ás necesidades que se derivan da aplicación da Lei orgánica 5/2000, de responsabilidade penal dos menores.
12. Desenvolvemento de actuacións de prevención da dependencia fomentando o envellecemento activo e a participación social.
13. Fomento e impulso de accións de atención a persoas dependentes e de apoio aos seus cuidadores contemplando medidas de mantemento no seu contorno así como aloxamentos alternativos e incremento da carteira de servizos dispoñibles.
14. Dinamización e impulso de actividades para persoas con discapacidade en aras de acadar a súa integración sociolaboral.
15. Incremento da rede pública de atención a persoas maiores e persoas con discapacidade mediante a creación e concertación de prazas en centros residenciais e de atención diúrna.
16. Reconversión de 500 prazas válidas de centros residenciais propios de atención a persoas maiores en prazas asistidas, para persoas con dependencias.
17. Desenvolvemento dunha política xeral de acción contra a exclusión que combine as políticas de prestacións e rendas mínimas con estratexias activas de inclusión social.
18. Desenvolvemento das políticas sociais, cara a mellora dos sistemas de protección social, implantando programas e servizos destinados a atender as necesidades dos colectivos en risco ou situación de exclusión social.

ÁMBITO DA XUVENTUDE E SOLIDARIEDADE

En materia de políticas dirixidas á mocidade e de promoción da solidariedade establécense os seguintes obxectivos:

1. Desenvolver unha auténtica política transversal en materia de mocidade, a través da Comisión interdepartamental de xuventude, a partir dunha redefinición da súa estrutura e funcionamento.
2. Fomentar a actividade xuvenil e a participación da mocidade galega nos diversos ámbitos da vida política, económica, social e cultural de Galicia.
3. Promocionar a información xuvenil, garantindo unha axeitada difusión da información de interese para este sector de poboación, desde unha perspectiva de equilibrio interterritorial.
4. Fomentar o asociacionismo xuvenil e o fortalecemento das estruturas intermedias como elemento básico do avance na corresponsabilización e autonomía da mocidade galega e na vertebración dun tecido social vivo, dinámico e participativo.
5. Mellorar o coñecemento físico da cultura e historia de Galicia entre a mocidade.
6. Mellora e potenciación das iniciativas e mecanismos de intercambio e cooperación transfronteiriza en materia de mocidade, especificamente con Portugal.
7. Impulso e reorganización dos programas e iniciativas desenvoltas nos eidos de tempo libre e lecer, promovendo a mellora cualitativa das actividades, con atención específica ás necesidades e expectativas da mocidade en todos os seus tramos de idade.
8. Colaboración e apoio á mocidade no marco de programas de emancipación xuvenil.
9. Promover o desenvolvemento normativo en materia de política xuvenil.
10. Fomentar e promover a normalización lingüística entre a mocidade, intensificando os esforzos co obxectivo de xeralizar o uso do galego entre a xente nova.
11. Fomento da interculturalidade e respecto á diversidade, como modelo de convivencia.
12. Impulsar a acción voluntaria, desde unha perspectiva interxeracional, coa definición de novas áreas de actuación e centrando os esforzos en proxectos de intervención comunitaria.

13. Establecemento e impulso de dinámicas de coordinación e colaboración en materia de voluntariado, de carácter interadministrativo e con entidades privadas e de iniciativa social.

Atendendo a estes obxectivos, fíxanse unha serie de grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario 2006:

1. Redefinición da estrutura e funcionamento da Comisión interdepartamental de xuventude, de cara a fortalecer os contidos de interrelación e colaboración entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia, e do resto de administracións públicas galegas, coa idea de garantir a súa relevancia institucional que permita a definición e desenvolvemento dunha efectiva política transversal de xuventude.
2. Impulsar e apoiar as iniciativas de participación social xurdidas entre a mocidade galega, fomentando as distintas formas de asociacionismo xuvenil e promovendo novas áreas para a participación.
3. Reformulación da actual Rede de información xuvenil que permita garantir unha axeitada distribución e difusión no territorio de toda aquela información de interese para o colectivo xuvenil.
4. Mellorar as relacións e colaboracións coas institucións xuvenís portuguesas de cara a afianzar lazos de unión entre a mocidade de ambos lados da raia, posibilitando dinámicas de integración transfronteiriza.
5. Deseño e execución dun plan de aproveitamento integral de instalacións xuvenís que inclúa facilitar instalacións ás asociacións, así como acordos sobre a súa xestión, uso e programación cos concellos onde estean situados.
6. Revisión das metodoloxías e técnicas utilizadas no ámbito do lecer e uso do tempo libre, centrando o esforzo de mellora cualitativa na atención ás diferentes necesidades e expectativas da mocidade, nos seus distintos tramos de idade.
7. Execución de programas de emancipación xuvenil, coa intensificación dos servizos e iniciativas de información e asesoramento en materia de axudas e posibilidades de acceso á vivenda e ao emprego por parte da mocidade galega, con residencia actual na Comunidade Autónoma ou noutros territorios, favorecendo o seu retorno.

8. Desenvolver a normativa en materia de mocidade, mediante o proxecto de Lei galega de mocidade, a reforma da Lei do consello da xuventude de Galicia e o estudo da creación dun Centro galego de estudos xuvenís.
9. Realización de actuacións encamiñadas á normalización do uso da lingua galega entre a poboación xuvenil.
10. Fomentar a interculturalidade mediante a oferta de servizos e facilidades de turismo orientado, intercambios internacionais, encontros e similares.
11. Coordinar as iniciativas de voluntariado, tanto dos departamentos da Xunta de Galicia como de entes locais, entidades colaboradoras e iniciativas privadas, así como fomentar as de carácter internacional.
12. Potenciar os servizos de asesoramento ás entidades de voluntariado e ás voluntarias e voluntarios.
13. Reforma da Lei galega do voluntariado.

2.2 DO ORGANISMO AUTÓNOMO

SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo adscrito á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pretende acadar no presente exercicio os seguintes obxectivos:

1. Desenvolver no ámbito competencial do Organismo, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.
2. Impulsar, a través do Pleno do Servizo Galego de Igualdade, e de acordo coas súas competencias transversais, o desenvolvemento normativo en todos os ámbitos da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.
3. Mellorar as canles e mecanismos de divulgación dos dereitos das mulleres a través de recursos de información e formación que permitan o exercicio efectivo da igualdade de homes e mulleres en todos os ámbitos.

4. Mellorar e optimizar os recursos dos servizos públicos para a atención ás mulleres e, en particular, para aquelas que se atopen en situación de especial vulnerabilidade, en colaboración con deputacións, concellos, asociacións e outras institucións de ámbito nacional e internacional.
5. Promover a cooperación e o intercambio de experiencias, para coñecer o traballo que desenvolven a prol das mulleres e da igualdade as entidades en Galicia e noutros territorios.
6. Potenciar a participación da muller en todas as esferas da vida social e laboral e a súa plena incorporación aos procesos de toma de decisións, nas empresas e organizacións, así como crear as condicións favorables para o fomento da participación das mulleres na sociedade a través do asociacionismo, facilitando o acceso aos recursos deste organismo.
7. Participar nas actividades de sensibilización da sociedade respecto da igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación e, no ámbito escolar, nas actividades promovidas polo Seminario permanente de educación para a igualdade.
8. Promover a prevención da violencia exercida contra as mulleres, a atención e asistencia ás vítimas desta, así como o acceso aos recursos existentes, segundo o previsto na normativa e plans de actuación vixentes, no ámbito das súas competencias.

Estes obxectivos, inspiradores da lei creadora do organismo e da Lei de igualdade de oportunidades das mulleres galegas, son motor da actuación do Organismo no obxectivo básico de promover a igualdade entre as mulleres e os homes.

Partindo destes obxectivos, as grandes liñas de acción do Servizo Galego de Igualdade para o exercicio orzamentario do 2006 van ser as seguintes:

1. Combater a discriminación por razón de sexo, visibilizándoa, adoptando medidas concretas para a súa eliminación e implicando, nesta tarefa, a todos os sectores sociais.
2. Promover actuacións públicas orientadas a intensificar a presenza e a participación das mulleres en todos os ámbitos da vida política, cultural, económica, social e laboral, tendo en conta a súa diversidade. Neste senso, apoiarase o fomento do

emprego feminino e a promoción profesional das traballadoras, así como a promoción da corresponsabilidade nas tarefas domésticas e familiares dos homes, das administracións e das empresas.

3. Potenciar a formación de axentes de igualdade e a súa inserción laboral.
4. Ofrecer información, orientación e servizo integral ás mulleres galegas en todos os ámbitos, a través dos centros de información e asesoramento ás mulleres, os centros de información ás mulleres municipais e o Centro 24 horas.
5. Coordinar aos diferentes departamentos implicados na posta en marcha de medidas para a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.
6. Impulsar a autonomía das mulleres promovendo as súas potencialidades, enerxías e achegas, con medidas orientadas a favorecer a participación feminina no deseño, implementación, seguimento e avaliación das políticas de xénero nas decisións do goberno galego.

3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2006

3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

3.1.1 Da Vicepresidencia

PROGRAMA 211A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DA PROTECCIÓN SOCIAL

1. Descrición.

A finalidade do programa é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos (delegacións provinciais) tanto no que respecta a medios humanos coma aos materiais e de organización, e actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da vicepresidencia, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

2. Actividades.

1. Xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais e periféricos: reparacións, material de oficina, comunicacións telefónicas, comisións de servizos, etc.
2. Xestión das distintas subministracións incluídas no programa, tanto a nivel central como periférico, coa realización das diferentes tarefas de xestión económico-administrativa.
3. Celebración de cursos de formación, xornadas e seminarios sobre servizos sociais para o persoal que traballa neste eido ou colectivos que desenvolvan a súa actividade no mundo social.
4. Tramitación de investimentos novos e de reposición para os servizos centrais e periféricos da vicepresidencia, como a realización de obras de reparación, mellora e acondicionamento dos distintos centros.
5. Realización de estudos, traballos técnicos e campañas informativas en temas xerais da vicepresidencia e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
6. Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería, así como do SXPA.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais.

PROGRAMA 211B. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PRESTACIÓNS SOCIAIS

1. Descrición.

A finalidade deste programa é o funcionamento dos servizos centrais e periféricos actuando como soporte básico dos distintos centros e unidades administrativas.

2. Actividades.

1. Gastos de funcionamento dos servizos centrais e provinciais relacionados fundamentalmente co ámbito das prestacións e servizos sociofamiliares e xuvenís.
2. Realización de estudos, traballos técnicos e campañas informativas en temas relacionados coas competencias da vicepresidencia.
3. Elaboración de publicacións (revista periódica, colección Sociedade e familia: serie legislativa, axudas e subvencións, recompilación normativa, etc.).
4. Xestión de asistencia técnicas, seminarios, xornadas, conferencias e outros servizos para apoios a diversas actividades da vicepresidencia.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais.

PROGRAMA 212A. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS

1. Descrición.

1. Dotar á sociedade galega dunha rede de escolas infantís e centros de atención á primeira infancia que garanta unha atención educativa de calidade, a igualdade de oportunidades das familias, o equilibrio na distribución territorial dos recursos e o acceso aos recursos da sociedade da información.
2. Promover un sistema de apoio ás familias en situación de conflito.
3. Facilitar recursos e servizos as familias en situación de desvantaxe socioeconómica.
4. Facilitar a redacción, implantación e avaliación de plans de igualdade e de plans contra a violencia de xénero.

2. Actividades.

1. Programa de apoio ás familias mediante exencións fiscais por nacementos de fillos/as durante os tres primeiros anos de vida, así como a compensación equivalente para as exentas de declaración e apoio ás familias.

2. Programas de extensión e mantemento da Rede galega de escolas infantís.
3. Programas de mediación familiar.
4. Programas de extensión e mantemento dos puntos de encontro.
5. Programa de axentes de política familiar.
6. Desenvolvemento de recursos de atención á infancia en zonas rurais mediante o programa “Preescolar na casa”.
7. Promover a través das entidades locais os plans de promoción da igualdade e dos plans contra a violencia de xénero.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral da Igualdade

PROGRAMA 212B. CENTROS PARA SERVIZOS SOCIAIS

1. Descrición.

1. Mantemento da rede de escolas infantís da Xunta de Galicia coas máximas garantías de calidade na educación e na atención.
2. Programa de prevención e integración de menores con fillos e fillas a cargo.

2. Actividades.

1. Xestión do mantemento das escolas infantís dependentes da Secretaría Xeral.
2. Xestión do mantemento das residencias de tempo libre de titularidade autonómica.
3. Programa de inserción de menores Berenguela.

3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral da Igualdade.

PROGRAMA 212D. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS EN SERVIZOS SOCIAIS

1. Descrición.

1. Creación de novos centros de educación infantil e puntos de atención á infancia.
2. Promoción da igualdade de oportunidades para mulleres no mercado laboral.

2. Actividades.

1. Xestión de convenios para a creación de escolas infantís e de puntos de atención á infancia.
2. Xestión do programa de inserción Diana.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral da Igualdade.

PROGRAMA 212A. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS

1. Descrición.

A finalidade deste programa é a de proporcionar a todos os cidadáns unha adecuada atención, favorecendo a integración social incidindo nos colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo.

Para acadar este obxectivo, vanse complementar as políticas de rendas mínimas con estratexias activas de inclusión.

En consecuencia trátase de proporcionar:

1. Un nivel de servizo asistencial, que chegue aos colectivos de persoas que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, desenvolvendo unha política de servizos sociais comunitarios centrada nas persoas, promovendo a colaboración activa dos concellos para ampliar e consolidar a cobertura dos programas básicos sociais.

2. A incorporación laboral das persoas afectadas polas diferentes formas de marxinación social, así como debilitar as causas que incidan nas causas de exclusión.
3. Garantir os recursos de subsistencia a quen careza deles.
4. Reinsertar social e laboralmente ás persoas afectadas polas diferentes formas de marxinación social.
5. Facilitar as condicións de autonomía e integración normalizada das persoas e unidades familiares en desvantaxe ou dificultade social.
6. Facilitar a integración social das persoas maiores e das persoas con discapacidade.
7. Promover a accesibilidade e a supresión de barreiras.
8. Garantir a construción e a posta en funcionamento de centros de atención especializada.

2. Actividades.

1. Elaboración de disposicións normativas e tramitación e xestión das distintas liñas de axuda dentro do marco sinalado pola Lei de servizos sociais.
2. Pensións asistenciais para maiores de 65 anos e persoas discapacitadas.
3. Execución da Risga e medidas de emerxencia social.
4. Promover a inclusión social, desenvolvendo unha planificación preventiva da exclusión social elaborando programas orientados á integración e atención de colectivos marxinais.
5. Impulsar a creación de programas comunitarios estratéxicos (atención no fogar, convivencia alternativa para persoas sen teito).
6. Execución do Plan concertado para a consolidación da rede básica municipal de servizos sociais de atención primaria. Implantación de equipos interdisciplinares na atención primaria municipal.
7. Execución do Plan de calidade para os servizos sociais de atención primaria.
8. Elaboración do II Plan galego de inclusión social 2007-2009.
9. Axudas destinadas a problemáticas sociais derivadas da drogodependencia.

10. Axudas destinadas a problemáticas sociais derivadas da enfermidade da SIDA.
11. Desenvolvemento de programas destinados á integración sociolaboral de menores internados en centros e próximos a cumprir a maioría de idade.
12. Elaboración de disposicións normativas e tramitación e xestión das distintas liñas de axuda dentro do marco sinalado pola Lei de servizos sociais.
13. Execución do Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas.
14. Programa de construción e equipamento dos centros de atención a persoas con discapacidade.
15. Creación dunha rede de centros de emerxencia social e equipos de rúa de intervención directa.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Acción Social.

PROGRAMA 212B. CENTROS PARA SERVIZOS SOCIAIS

1. Descrición.

A finalidade deste programa é a de prover servizos e programas de atención social a diversos colectivos.

En consecuencia, trátase de acadar:

1. Unha cobertura asistencial que acolla aos diferentes colectivos que teñan una problemática especial.
2. A potenciación da rede de equipamentos residenciais e recursos que favorezan o mellor nivel de atención aos beneficiarios.
3. O desenvolvemento de programas de prevención e integración dirixidos aos menores en desprotección ou conflito social e outros colectivos.
4. Unha cobertura asistencial que acolla aos diferentes colectivos que teñen unha problemática específica, consolidando e aumentando os recursos sociais adicados ás

persoas maiores e ás persoas con discapacidade e garantindo os niveis de calidade axeitados.

5. Facilitar a integración mediante a implantación de programas propios destinados a atender a dependencia nas persoas maiores, persoas con demencia e con discapacidade, así como o apoio aos seus cuidadores.
6. Facilitar a inserción social do discapacitado mediante a creación de novas prazas en centros ocupacionais, asistenciais, residenciais, vivendas comunitarias, apartamentos tutelados, así como a aplicación de novas tecnoloxías para a atención das persoas maiores e persoas con demencias.
7. Fomentar a aplicación das novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes procurando unha mellora na súa calidade de vida.
8. Promover o envellecemento activo das persoas maiores mediante a realización de programas de ocio e tempo libre.

2. Actividades.

1. Posta en marcha de programas e servizos de nova creación en materia formativa e comunitaria.
2. Mantemento dos centros dependentes da Vicepresidencia.
3. Aumento da oferta de servizos coa dinamización dos centros.
4. Equipamento de centros.
5. Potenciar os programas que supoñan unha alternativa ao internamento dos nenos en centros mediante a súa integración en familia propia ou allea, a súa reinserción sociolaboral ou outras medidas complementarias (Interreg Galicia-Portugal) que teñan esta mesma finalidade.
6. Execución das medidas de carácter asistencial, educativo ou terapéutico que resulten aconsellables atendendo ás circunstancias do menor.
7. Realización de programas dirixidos á atención e á prevención de situacións de risco ou ao maltrato infantil.
8. Fomento de creación de centros para a atención integral de persoas con discapacidade.

9. Execución das obras de construción de centros residenciais públicos para persoas maiores, dependentes da Vicepresidencia.
10. Aumentar a oferta pública de servizos sociais a través de concertos/convenios de prazas con entidades prestadoras de servizos sociais.
11. Execución do Plan galego de persoas maiores 2001-2006.
12. Plan de acción para persoas con discapacidade.
13. Programa de novas tecnoloxías aplicadas á atención de colectivos de persoas maiores e de persoas con demencias.
14. Programa de turismo social.
15. Programas de respiro.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Acción Social

PROGRAMA 212D. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS EN SERVIZOS SOCIAIS

1. Descrición.

A finalidade deste programa é a de facilitar a todos os cidadáns unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento dos individuos e dos grupos na comunidade.

En consecuencia trátase de:

1. Desenvolver e apoiar programas de base comunitaria que contribúan a acadar maiores cotas de cohesión social.
2. Ampliar e mellorar os programas e equipamentos sociais de titularidade municipal no ámbito comunitario.
3. Facilitar a integración social dos colectivos en situación ou risco de exclusión social.
4. Contribuír ao funcionamento das entidades prestadoras de servizos sociais.

5. Colaborar na construción, equipamento e mantemento de centros dependentes de entidades de iniciativa social e de corporacións locais.
6. Facilitar a integración social das persoas maiores e das persoas con discapacidade.
7. Contribuír ao funcionamento das entidades prestadoras de servizos sociais.
8. Construción e equipamento de centros dependentes de entidades de iniciativa social.

2. Actividades.

1. Elaboración de convocatorias de axudas. Tramitación e xestión das mesmas dentro do marco sinalado pola Lei de servizos sociais.
2. Estimular a cultura da participación e do protagonismo da sociedade na provisión de servizos de atención social.
3. Realización de transferencias ás corporacións locais para execución de programas en centros e servizos sociais dependentes delas.
4. Realización de transferencias para o mantemento de centros de servizos sociais no ámbito comunitario.
5. Realización de transferencias para investimento en centros de servizos sociais.
6. Convocatoria de ordes de subvención ás asociacións de iniciativa social para o mantemento e a promoción de actividades.
7. Xestión da iniciativa comunitaria Equal.
8. Programa de acollida e acompañamento de persoas sen fogar co fin de mellorar a situación das persoas sen fogar facilitando o seu acceso aos recursos.
9. Programa destinado a minorías étnicas destinado a manter dispositivos de intervención para a acollida, orientación e acompañamento.
10. Realización de programas para o investimento en centros adicados á atención de menores a desenvolver en colaboración con asociacións de iniciativa social.
11. Transferencias para investimento e mantemento en centros de atención a persoas maiores e persoas con discapacidade.
12. Desenvolvemento do programa para maiores “Cheque asistencial” nas súas modalidades de: cheque residencia, cheque centro de atención diúrna, cheque de atención axuda no fogar e cheque estancia temporal/programas de respiro.

13. Desenvolvemento de programas de acollemento familiar de persoas maiores e persoas con discapacidade.
14. Programa de axudas a cuidadores de persoas maiores dependentes.
15. Plan de acción a persoas con discapacidade.
16. Plan galego de persoas maiores 2001-2006.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Acción Social.

PROGRAMA 212F. PLAN DO VOLUNTARIADO

1. Descrición.

As actuacións en materia de solidariedade e voluntariado centraranse en revisar o actual concepto de voluntariado, potenciando unha política de solidariedade, desde unha perspectiva interxeracional, e coa diversificación das áreas de actuación.

2. Actividades.

1. Reforma da vixente Lei do voluntariado que permita acadar os obxectivos nesta materia.
2. Posta en marcha de servizos de asesoramento ás entidades de voluntariado e ás voluntarias e voluntarios.
3. Actuacións de coordinación das iniciativas de voluntariado e solidariedade, tanto da Xunta de Galicia, como de outras administracións e de iniciativas privadas.
4. Realización de cursos de formación específica en materia de voluntariado por áreas de actuación.
5. Promoción das subvencións para actividades de voluntariado.
6. Posta en marcha da Cidade solidaria, prevista para 2006, como plataforma para intensificar unha relación de traballo fluída coas entidades de acción voluntaria que desenvolvan proxectos de voluntariado.
7. Campañas de promoción de voluntariado noutros países.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

PROGRAMA 355B. FOMENTO DA ACTIVIDADE XUVENIL

1. Descrición.

Actuacións de apoio activo á mocidade galega, centrado na atención ás súas demandas e necesidades actuais en todos os campos, co obxectivo final da súa posta en valor dentro da sociedade no marco dunha política que persiga a igualdade de oportunidades, o fomento da empregabilidade, a mellora da cualificación da poboación activa e o incremento da calidade do capital humano.

2. Actividades.

1. Promover encontros de traballo entre responsables de asociacións xuvenís ou reunións de especialistas en políticas xuvenís.
2. Concesión de subvencións aos concellos para a promoción da información xuvenil, desenvolvemento de programas, construción e equipamento de centros adicados á mocidade.
3. Concesión de subvencións ás asociacións xuvenís para a realización dos seus programas e actividades e para a compra do equipamento necesario para o seu funcionamento e desenvolvemento do seu plan de traballo.
4. Facilitar o acceso ás instalacións propias da Vicepresidencia xestionadas pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade ás asociacións xuvenís de cara a realización de actividades.
5. Aproveitamento integral de instalacións e servizos infrautilizados, facilitando a accesibilidade de determinados albergues ao longo de todo o ano, e non só durante a campaña de verán.

6. Apoio ao Consello da xuventude de Galiza para contribuír a mellorar os servizos que presta á mocidade galega, como foro institucional de representación e participación das organizacións xuvenís no deseño e seguimento das políticas públicas.
7. Creación dunha Rede galega de centros de información e orientación afectivo-sexual para a mocidade.
8. Desenvolvemento dun programa de actuacións para a normalización lingüística entre a mocidade así como a aplicación do Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento galego.
9. Desenvolvemento de programas de fomento e reforzamento do tecido asociativo xuvenil galego.
10. Fomento de intercambios xuvenís priorizando as relacións transfronteirizas con Portugal.
11. Actuacións dirixidas a promocionar o patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e etnográfico de Galicia entre a mocidade.
12. Actividades de formación de técnicos en actividades de tempo libre, impulsando a dinamización da Escola galega de tempo libre.
13. Potenciación de programas formativos no eido do medio ambiental.
14. Actividades dirixidas á promoción do turismo xove.
15. Facilitar o acceso do estudantado galego ás residencias xuvenís dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.
16. Celebración de concursos, mostras e certames para a posta en valor do potencial creativo da mocidade galega “Mocidade ao vivo” e “Galiza ao vivo”.
17. Fomento da utilización das novas tecnoloxías entre a xuventude, tanto a través de encontros específicos (“Xuventude Galiza Net”), como de introdución das mesmas dentro doutras actividades.

3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

PROGRAMA 441A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

1. Descrición.

Xestión do pagamento de gastos orixinados polas actividades de elaboración, publicación e difusión de estatísticas da consellería contempladas no programa estatístico da Comunidade Autónoma (Lei 10/2001, do 17 de setembro, do plan galego de estatística 2002-2006), así como doutras de interese xeral.

2. Actividades.

1. Estatística de adopcións e acollementos.
2. Estatística de familias numerosas.
3. Estatística sobre datos demográficos de beneficiarios da RISGA e emerxencia oficial e social.
4. Directorio de centros de familia, xuventude, deporte, voluntariado e muller.
5. Directorio de centros de servizos sociais.
6. Directorio de entidades prestadoras de servizos sociais.
7. Directorio de fundacións e entidades de iniciativa social.
8. Directorio de oficinas de información xuvenil e para o emprego.
9. Carné xove.
10. Censo de persoas con minusvalía dos residentes na Comunidade Autónoma.
11. Programas de acción voluntaria.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral.

3.1.2 Do Organismo Autónomo

PROGRAMA 211A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DA PROTECCIÓN SOCIAL

1. Descrición.

1. Potenciar un afondamento no desenvolvemento pedagóxico das escolas infantís mediante a formación e a información sobre esta etapa.
2. Desenvolver accións de fomento dos estudos e a sensibilización sobre os temas de promoción da igualdade e de violencia de xénero.

2. Actividades.

1. Desenvolvemento dun programa específico de proxecto educativo marco para escolas infantís.
2. Campañas e estudos enfocados ao campo da promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.

3. Órgano encargado da súa execución.

Secretaría Xeral da Igualdade.

PROGRAMA 212A. PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS

1. Descrición.

Execución das liñas de actuación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para a consecución dos seus obxectivos a través dos distintos programas que realizará no vindeiro exercicio.

Executará os plans, programas de acción e actividades que, para a consecución dos obxectivos enunciados, realicen os distintos departamentos da Xunta de Galicia en materias con incidencia sobre o colectivo feminino, así como as deputacións e concellos.

Prestará un especial apoio ás actividades de estímulo ao asociacionismo e as actividades das asociacións, federacións e outros organismos que traballan pola igualdade así como á formación e á promoción do emprego das mulleres e a súa información en todos os eidos.

Finalmente, a través dos programas de atención especializada, fomentará accións dirixidas a determinados colectivos de mulleres con necesidades específicas.

2. Actividades.

1. Impulso da realización de estudos e investigacións sobre a situación das mulleres a través da convocatoria pública de bolsas de especialización que visibilicen as carencias existentes e direccionen actuacións das políticas públicas.
2. Organización de congresos, conferencias, exposicións, mesas redondas, foros, encontros e campañas divulgativas sobre temas específicos en materia de igualdade de oportunidades e potenciación da imaxe da muller galega, así como a súa participación naqueles foros onde se debata a súa situación no presente século e no Mercado Único Europeo.
3. Reforzamento e ampliación, nomeadamente nas zonas rurais dos centros de información ás mulleres (CIM) municipais e dos centros de información e asesoramento ás mulleres (CIAM) do Servizo Galego de Igualdade.
4. Desenvolvemento e implementación do certificado de excelencia en políticas de igualdade previsto na Lei de igualdade de mulleres e homes, en colaboración coas empresas privadas.
5. Estudo e avance de proxectos para o acceso á cotitularidade das explotacións agrarias.
6. Creación, reforzo e optimización de recursos do Servizo Galego de Igualdade:
 - A) Mellora e difusión do directorio de mulleres expertas.
 - B) Implantación no exercicio 2006 do “Salario da liberdade” dirixido a mulleres en situacións de maltrato que carezan doutros recursos.

- C) Posta en funcionamento dun novo Punto de encontro en Vigo para a mellora da mediación familiar en situación de conflito.
 - D) Mellora dos recursos do Punto de coordinación de Ordes de protección, centralizándoos nos servizos centrais do Organismo.
 - E) Implantación da axuda prevista na Lei 1/2004, do 28 de decembro, para mulleres maltratadas con difícil empregabilidade.
 - F) Actualización e difusión do anuario titulado “A muller en cifras”.
7. Promoción e execución dos seguintes programas:
- A) Programa de educación en igualdade dirixido a pais e nais, profesorado, Anpas, e alumnado.
 - B) Programa de apoio ao asociacionismo feminino e feminista coa oferta de formación técnica e metodolóxica para os seus membros.
 - C) Programa de formación de persoal cualificado que presta os seus servizos en casas de acollida, centros de información ás mulleres, centros de día para mulleres que exercen a prostitución, centros de atención ás mulleres reclusas.
 - D) Programa de formación ocupacional destinado a mulleres desempregadas co fin de mellorar a súa capacitación profesional cara a inserción laboral en colaboración con entidades que persigan este fin.
 - E) Formación, en colaboración coas Universidades, e inserción laboral de acordo coas entidades locais interesadas, dos/as axentes de igualdade.
 - F) Programa de formación profesional para mulleres ocupadas co fin de facilitarlles a súa reciclaxe profesional e a promoción no mundo laboral.
 - G) Programa de axudas á creación de empresas, orientado a apoiar economicamente as iniciativas empresariais promovidas por mulleres e á contratación de mulleres desocupadas, complementando deste xeito o programa de formación ocupacional de mulleres.
 - H) Programa de atención a mulleres soas con cargas familiares non compartidas, orientado a facilitar o seu acceso ao mercado laboral, consistente na creación dun servizo gratuíto de coidado de persoas dependentes.

- I) Programa de atención a mulleres maiores soas e con escasos recursos económicos.
- J) Programa de atención a mulleres que exerzan a prostitución con asistencia persoal e información sanitaria e de recursos individualizada.
- K) Programa de atención 24 horas ás mulleres, coa potenciación e maior difusión do centro 24 horas de atención permanente á muller atendido por un equipo multidisciplinar que poida dar resposta inmediata e/ou de urxencia ás problemáticas de violencia que xurdan na nosa comunidade autónoma.
- L) Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de malos tratos e programa “Abramos o círculo” para homes con problemas de control e violencia no ámbito familiar.
- M) Programa de reeducación e tratamento psicolóxico de maltratadores substitutivo de penas.
- N) Programa de axudas ás casas de acollida e pisos tutelados para mulleres vítimas de violencia de xénero. No presente exercicio abriranse as axudas a centros que acollan mulleres non incursas nos regulamentos actuais dos centros de acollida e en situacións especialmente vulnerables.
- O) Programa de apoio a nais que retornan ao proceso educativo, consistente no pago da primeira matrícula, en colaboración con entidades interesadas neste eido.
- P) Programas da Iniciativa EQUAL:
 - a) Proxecto ARCO (Accións para o reforzamento da conciliación): dirixido ao fomento da igualdade de oportunidades entre sexos e mellora da conciliación da vida familiar e laboral desde unha perspectiva experimental e adaptándose ás especificades do territorio e a participación activa das persoas destinatarias finais e outros axentes como empresas ou axentes de igualdade.
 - b) Proxecto CALIOPE (Calidade e igualdade de oportunidades nas políticas de emprego): en colaboración co Instituto da Muller, dirixido a facilitar un maior desenvolvemento das política de emprego e formación e o

funcionamento do mercado de traballo a través da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, favorecendo a participación das mulleres no eido laboral a través da aplicación do enfoque de xénero nas estratexias de intervención dos actores do mercado de traballo.

- c) Proxecto CONVIVE +: en colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, dirixido a incidir na mellora da inserción laboral e social do colectivo migrante (emigrantes retornados/as e inmigrantes) a través do fomento do seu emprendemento empresarial no contexto da economía social, identificando e explorando novas oportunidades de negocio e dinamización do tecido socioeconómico da comunidade galega a partires das peculiaridades e especificidades do colectivo.

3. Órgano encargado da súa execución.

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

| | SERVIZOS | | | | | | TOTAL |
|---|-----------------|-----------------|----------------|------------------|-----------------|-----------------|------------------|
| | 10 | 20 | 30 | 31 | 32 | 80 | |
| 211A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DA PROTECCIÓN SOCIAL | 23.348,8 | 533,1 | | | | 855,8 | 24.737,7 |
| 211B DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PRESTACIÓNS SOCIAIS | 1.503,4 | 10.966,5 | 6.538,1 | 59.505,1 | | | 78.513,2 |
| 212A PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS | 60,1 | 16.735,7 | | 49.815,7 | | 9.569,7 | 76.181,3 |
| 212B CENTROS PARA SERVIZOS SOCIAIS | 9.401,9 | 3.411,3 | | 108.803,8 | | | 121.617,0 |
| 212D PENSIÓNS E PRESTACIÓNS EN SERVIZOS SOCIAIS | | 10.173,3 | | 33.908,9 | | | 44.082,2 |
| 212F PLAN DO VOLUNTARIADO | | | | | 3.207,8 | | 3.207,8 |
| 355B FOMENTO DA ACTIVIDADE XUVENIL | | | | | 17.256,9 | | 17.256,9 |
| 441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA | 278,8 | | | | | | 278,8 |
| TOTAL | 34.593,0 | 41.819,9 | 6.538,1 | 252.033,5 | 20.464,7 | 10.425,6 | 365.874,8 |

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

| | CAPÍTULOS | | | | | TOTAL |
|---|-----------------|------------------|------------------|-----------------|-----------------|------------------|
| | I | II | IV | VI | VII | |
| 211A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DA PROTECCIÓN SOCIAL | 13.478,4 | 4.032,6 | | 6.811,3 | 415,4 | 24.737,7 |
| 211B DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PRESTACIÓNS SOCIAIS | 77.009,8 | 551,6 | | 951,8 | | 78.513,2 |
| 212A PENSIÓNS E PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS | | 1.137,1 | 71.689,6 | 192,1 | 3.162,5 | 76.181,3 |
| 212B CENTROS PARA SERVIZOS SOCIAIS | 1.202,1 | 105.322,1 | 1.430,0 | 13.662,8 | | 121.617,0 |
| 212D PENSIÓNS E PRESTACIÓNS EN SERVIZOS SOCIAIS | | 76,6 | 31.822,2 | 263,2 | 11.920,2 | 44.082,2 |
| 212F PLAN DO VOLUNTARIADO | 725,7 | 810,1 | 993,3 | 678,7 | | 3.207,8 |
| 355B FOMENTO DA ACTIVIDADE XUVENIL | 6.391,8 | 4.077,0 | 2.417,4 | 2.832,9 | 1.537,8 | 17.256,9 |
| 441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA | | | | 278,8 | | 278,8 |
| TOTAL | 98.807,7 | 116.007,2 | 108.352,4 | 25.671,6 | 17.035,8 | 365.874,8 |

(Miles de euros)

Distribución orgánica

| 10 | SECRETARÍA XERAL E DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS | 2006 |
|--------------|---|-----------------|
| Cap. I | Persoal | 12.622,6 |
| Cap. II | Gastos en bens correntes e servizos | 4.144,2 |
| Cap. IV | Transferencias correntes | 60,1 |
| Cap. VI | Investimentos reais | 17.350,8 |
| Cap. VII | Transferencias de capital | 415,4 |
| TOTAL | | 34.593,0 |

(Miles de euros)

| 20 | SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE | 2006 |
|--------------|--------------------------------------|-----------------|
| Cap. I | Persoal | 12.168,7 |
| Cap. II | Gastos en bens correntes e servizos | 2.725,8 |
| Cap. IV | Transferencias correntes | 17.421,7 |
| Cap. VI | Investimentos reais | 351,1 |
| Cap. VII | Transferencias de capital | 9.152,6 |
| TOTAL | | 41.819,9 |

(Miles de euros)

| 30 | SECRETARÍA XERAL DO BENESTAR | 2006 |
|--------------|-------------------------------------|----------------|
| Cap. I | Persoal | 6.538,1 |
| TOTAL | | 6.538,1 |

(Miles de euros)

| 31 | D. X. DE ACCIÓN SOCIAL | 2006 |
|--------------|-------------------------------------|------------------|
| Cap. I | Persoal | 59.505,1 |
| Cap. II | Gastos en bens correntes e servizos | 103.112,9 |
| Cap. IV | Transferencias correntes | 79.027,3 |
| Cap. VI | Investimentos reais | 4.458,1 |
| Cap. VII | Transferencias de capital | 5.930,0 |
| TOTAL | | 252.033,5 |

(Miles de euros)

| 32 | D. X. DE XUVENTUDE E SOLIDARIEDADE | 2006 |
|--------------|---|-----------------|
| Cap. I | Persoal | 7.117,4 |
| Cap. II | Gastos en bens correntes e servizos | 4.887,1 |
| Cap. IV | Transferencias correntes | 3.410,7 |
| Cap. VI | Investimentos reais | 3.511,6 |
| Cap. VII | Transferencias de capital | 1.537,8 |
| TOTAL | | 20.464,7 |

(Miles de euros)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

| 80 | SGPIHM | 2006 |
|--------------|-------------------------------------|-----------------|
| Cap. I | Persoal | 855,8 |
| Cap. II | Gastos en bens Correntes e Servizos | 1137,1 |
| Cap. IV | Transferencias correntes | 8432,6 |
| TOTAL | | 10.425,6 |

(Miles de euros)

| SERVIZO | | 2006 |
|----------------|--|------------------|
| 10 | SECRETARÍA XERAL E DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS | 34.593,0 |
| 20 | SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE | 41.819,9 |
| 30 | SECRETARÍA XERAL DO BENESTAR | 6.538,1 |
| 31 | D. X. DE ACCIÓN SOCIAL | 252.033,5 |
| 32 | D. X. DE XUVENTUDE E SOLIDARIEDADE | 20.464,7 |
| 80 | SGPIHM | 10.425,6 |
| TOTAL | | 365.874,8 |

(Miles de euros)

Consellería e organismo autónomo

| | Vicepresidencia | Organis. Autónomos | Transfer. internas | TOTAL CONSOLIDADO |
|--------------------------------------|------------------|--------------------|--------------------|-------------------|
| | 2006 | 2006 | 2006 | 2006 |
| Cap. I Persoal | 97.951,9 | 855,8 | | 98.807,7 |
| Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv. | 114.870,0 | 1.137,1 | | 116.007,2 |
| Cap. IV Transferencias correntes | 110.345,4 | 8.432,6 | 10.425,6 | 108.352,4 |
| OPERACIÓNS CORRENTES | 323.167,3 | 10.425,6 | 10.425,6 | 323.167,3 |
| Cap. VI Investimentos reais | 25.671,6 | | | 25.671,6 |
| Cap. VII Transferencias de capital | 17.035,8 | | | 17.035,8 |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | 42.707,5 | | | 42.707,5 |
| TOTAL BRUTO | 365.874,8 | 10.425,6 | 10.425,6 | 365.874,8 |
| TOTAL CONSOLIDADO | 365.874,8 | 10.425,6 | 10.425,6 | 365.874,8 |

(Miles de euros)

Medios persoais

Vicepresidencia

| | 2006 |
|----------------------------|--------------|
| <i>Altos cargos</i> | 10 |
| <i>Persoal funcionario</i> | 618 |
| Grupo A | 231 |
| Grupo B | 42 |
| Grupo C | 112 |
| Grupo D | 209 |
| Grupo E | 24 |
| <i>Persoal laboral</i> | 2.911 |
| Grupo I | 156 |
| Grupo II | 538 |
| Grupo III | 377 |
| Grupo IV | 769 |
| Grupo V | 1.071 |
| TOTAL | 3.539 |

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

| | 2006 |
|----------------------------|-----------|
| <i>Altos cargos</i> | 1 |
| <i>Persoal funcionario</i> | 21 |
| Grupo A | 9 |
| Grupo B | 3 |
| Grupo C | 2 |
| Grupo D | 6 |
| Grupo E | 1 |
| <i>Persoal laboral</i> | 3 |
| Grupo I | 1 |
| Grupo II | 1 |
| Grupo IV | 1 |
| TOTAL | 25 |

